

MEMORIA DESCRIPTIVA

*Colaborando co cole:
Biblioteca para tod@s!*

Biblioteca Municipal de Cenlle
Rúa Nova S/N
32454 Cenlle

1. Descripción

Contexto

A historia da Biblioteca Municipal de Cenlle comeza a finais de abril de 2022...

A biblioteca está situada no Concello de Cenlle, na provincia de Ourense. O concello ten unha superficie de 29km² que se reparten en 10 parroquias. O número de habitantes é de 1119 habitantes (2022).

No concello existíu unha sala de lectura aberta de forma intermitente ao longo dos anos.

No 2022 decídese dotar ao concello dunha Biblioteca Pública e intégrala na rede de Bibliotecas de Galicia.

O día 29 de marzo incorpórase a nova bibliotecaria. Ao longo de varias semanas a biblioteca colle forma, mobles, decoración e catalogación dos 1500 volumes que forman o lote fundacional da Xunta de Galicia.

O 24 de abril de 2022 a biblioteca abre as súas portas.

Obxectivos do microproxecto

Nos primeiros meses dende a apertura da biblioteca conseguimos chegar a moitas veciñas e veciños a través de distintas actividades.

Pero era unha realidade que os nenos e nenas que participaban nas actividades, acudían as actuacións e utilizaban os nosos servizos eran sempre os mesmos.

O número de nen@s matriculados no Ceip do concello de Cenlle é 39, e o número de nenos que utilizaban a biblioteca eran aproximadamente a metade.

O obxectivo prioritario é que todas as nenas e nenos do concello disfruten da biblioteca.

Como?

Establecendo unha estreita colaboración co colexio a través dos seus profesores.

Contamos co factor da cercanía, a biblioteca está a poucos metros do centro escolar e decidimos solicitar unha reunión coa dirección do colexio.

Contamos coa total disposición dos profesores e dende a biblioteca decidimos diseñar varias estratexias de colaboración:

Benvid@s á biblioteca!

2. Desenvolvemento

4 liñas de traballo:

Comezamos... Facilitando a conciliación!

O horario habitual das actividades da biblioteca, xa sexan actividades impartidas pola bibliotecaria ou actividades contratadas comezan ás 16:30h.

O horario do colexio remata as 15:40h.

Para facilitar a asistencia das nenas e nenos ás actividades propostas pola biblioteca e colaborar coa conciliación familiar, a biblioteca ofrece o servizo de recollida dos nenos á saída do cole e trasladalos á biblioteca.

Tras recoller aos nenos no colexio dirixímonos á biblioteca, onde realizamos manualidades ou actividades relacionadas co Taller ou actuación que terá lugar a continuación.

As familias recollen aos nen@s na biblioteca ao remate das actividades.

Coa información de cada actividade inclúese unha autorización para a recollida á saída do colexio. (Anexo I)

Seguimos... Convidando a que nos visiten!

Día das Bibliotecas: Benvid@s á biblioteca!

A principios de outubro dende a biblioteca enviamos unha invitación ao colexio convidándoos a visitarnos o día das bibliotecas.

Tras confirmar a súa asistencia facilitámoslles as solicitudes de carnés para alumnos e profesores. Á semana seguinte recollimos toas as solicitudes asinadas e comezamos a converter a todo o alumnado e profesorado do colexio en socios da biblioteca.

Chegado o día os profesores e alumnos do Colexio de Educación Infantil e Primaria García Carrasco de Cenlle visitaron a biblioteca.

A xornada comezou cunha visita e presentación da biblioteca: dos seus servizos, de como está organizada para que eles mesmos poidan elixir os seus libros e de todos os segredos e historias que gardamos en este espazo.

A continuación recibiron os seus carnés de socios e elixiron libros para levar a súa casa adecuados as súas distintas idades.

Para rematar a xornada tivemos a contacontos Fátima Fernández e as súas **Fantasías de papel**, que forma parte do catálogo Ler Conta Moto da Rede de Bibliotecas de Galicia.

A partir dese día cada titor visita cos seus alumnos a biblioteca cada 3 semanas para devolver e coller novos libros.

Colaboración: actividade levada a cabo coa colaboración do CEIP. Os profes do cole repartiron formularios de carné de biblioteca a todos aqueles nenos que non o tiñan para que o levaran a

casa e devolveran cuberto. Desta forma o día da visita a biblioteca todos os nenos e profesores do cole recibiron o seu carné e levaron libros en préstamo para a súa casa.
Participación: participaron os 39 alumn@s do centro e os 6 profesores.

Cultura... En horario escolar

Para que todos os alumnos poidan disfrutar de algunha das actuacións que ofrece a biblioteca programamos algunhas delas en horario de mañá e convidamos a todo o colexio.

24 de outubro. Día das Bibliotecas: Fátima Fernández con Fantasías de Papel.

8 de marzo. Día da Muller: Run Run Teatro coa obra Entre mulleres anda o xogo.

5 de xuño. Día do Medio Ambiente: xornada de lectura + manualidade + plantamos unha árbore.

Concursos... para todo o cole!

17 de maio. Día das Letras Galegas

Coa colaboración do Concello de Cenlle, a Biblioteca celebra o Día das Letras Galegas cun concurso.

Para que todos os nen@s do concello participaran falamos co colexio e solicitamos a súa colaboración.

No ano 2022 participaron cun poema, os máis maiores, e cun debuxo os máis pequenos sobre a poesía. No 2023 participaron cun cartel publicitario promocionando a lingua galega.

Grazas a colaboración do colexio son todos os alumnos os que participan no concurso.

Hai tres categorías divididas por idades, o concello participa cos premios, un por categoría que consisten en libros e material escolar.

Todos os nen@as reciben un diploma de participación.

Con todos os carteis participantes organizamos unha exposición na biblioteca durante 3 semanas. Moitas familias acudiron a vela cos seus fillos.

3. Criterios e procedementos de avaliación

O obxectivo era chegar a todos aqueles nenos que non coñecían a biblioteca e conseguir que puidesen disfrutar dos seus servizos.

Tras esta colaboración o 100% dos alumnos son socios e disfrutan do préstamo a domicilio.

Ademáis, en algún caso, grazas aos seus fillos algúns pais comezaron a utilizar a biblioteca.

4. Posibilidades de prolongación

Esta colaboración será continua.

Cada curso falaremos co colexio para propoñer manter a nosa colaboración.

5. Méritos alegados

Irromper nun concello pequeno non é fácil, sobre todo, ofrecendo servizos que non formaban parte da cotidianidade dos veciños.

Implicación da comunidade no desenvolvemento do proxecto:

Para levar a cabo este proxecto que se desenvolveu ao longo de todo o curso contamos coa colaboración do CEIP García Carrasco de Cenlle.

Alcance e relevancia para diferentes tipoloxías e colectivos: persoas terceira idade, público infantil, personas en risco de exclusión social:

Tras varios meses de apertura comprobamos que eran sempre os mesmos nenos os que utilizaban os distintos servizos da biblioteca.

Os motivos eran variados: familias que non dispoñen de coche, familias de migrantes sen costume de utilizar o servizo (marroquís, venezolanas, australianas), familias pertencentes a minorías étnicas (xitanas), ou simplemente familias que non valoraban a necesidade dunha biblioteca na vida dos seus fillos...

Medidas para dar publicidade ao proxecto e repercusión nos medios de comunicación: medidas de difusión, repercusión medios de comunicación:

Difusión Para todas as actividades: Cartelería propia creada para cada actividade pegada nos pobos do concello e publicación da mesma nas redes sociais Facebook e Instagram da propia biblioteca e do Concello de Cenlle. Grupo de Wasap que se foi creando cos participantes “Actividades biblioteca”.

E, no caso das actividades infantís, ademáis do anterior engadimos unha nota aos nen@s nas súas mochilas a través do colexio.

6. Enlaces

[Facebook](#)

[Instagram](#)

Anexos I: autorización recollida colexio.

Anexo II: cartelería das actividades.

Anexo III: Fotos actividades